



BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO ESCOLAR 2023 - 2024

PRIMEIRA: Obxecto:

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión, polo Concello de Santa Comba, das axudas para a adquisición de material escolar dirixidas o alumnado de Educación Infantil, matriculado nos centros educativos do municipio (ou excepcionalmente noutro centro público no que esté matriculado o alumnado por motivos de proximidade).

Estas axudas forman parte POS+ADICIONAL 1/2023 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Así como promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e colaborar coas familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos e das súas fillas, entendendo por tales a compra de material escolar.

SEGUNDA: Gastos subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados da compra de material funxible (bolígrafos, rotuladores, cadernos, carpetas, lapis, gomas de borrar, afialapis, cadernos de traballo, libros de lectura etc.), material de debuxo e material musical, mochilas, estoxos e pendrives.

Non se considerará material escolar para os efectos das presentes bases os gastos de investimentos e a adquisición de aparatos de novas tecnoloxías tales como ordenadores, impresoras, tablets,...

Poderase xustificar gastos realizados dende a data da concesión da bolsa ata o 30 de novembro de 2023.

TERCEIRA: Dotación orzamentaria:

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 10.000€ euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2023 231 48000 "A familias e institucións sen fins de lucro".

CUARTA: Persoas beneficiarias:

1.- Poderán ser beneficiarios/as destas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroad/a no Concello de Santa Comba con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda (polo menos o alumno/a cun dos proxenitores).
- 2) Estar matriculado/a en EDUCACIÓN INFANTIL nun centro educativo no curso escolar obxecto da convocatoria, para o curso para o que solicita a bolsa.
- 3) Convivir co/a solicitante da bolsa.
- 4) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 10.000,00 euros.
- 5) Non ser beneficiario de ningunha outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados.
- 6) Presentar a solicitude da axuda no prazo establecido en modelo normalizado ao efecto, e achegar toda a documentación requirida.
- 7) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de axudas segundo o disposto no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións.

2.- As axudas poderán ser solicitadas polo representante legal, pai, nai ou titor do alumnado beneficiario da bolsa.



QUINTA: Renda per cápita anual familiar:

Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2022, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros da base imponible xeral e da base imponible do aforro da citada declaración.

A efectos do cálculo da renda per cápita da unidade familiar, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos grados de total, absoluta ou gran invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar

Nesta convocatoria, a efectos de determinar a renda per cápita, teranse en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2022. Non se terán en conta os fillos nacidos, adoptados ou acollidos despois desta data.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2022, por non estar obrigado a elo, teranse en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a **unidade familiar**:

- Os cónxuxes, parellas de feito, ou os titores legais
- Menores de idade que convivan no mesmo domicilio.
- Persoas solteiras menores de 26 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento.

No caso de falecemento dalgún dos proxenitores que convivisen coa persoa beneficiaria, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción ou libro de familia onde conste tal feito.

No caso de separación legal, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e, si é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos proxenitores que teña as fillas e fillos a cargo; non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa.

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor ou da menor e onde conste o importe da pensión recibida polo que corresponda en relación a gastos de manutención e/ou outros. No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai ou da nai que non conviva coa persoa beneficiaria.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.



No caso de nulidade, separación ou divorcio, a persoa beneficiaria da bolsa será o proxenitor que teña atribuída a custodia do menor de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

En aplicación do estipulado no artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2022, deberá documentarse o exercicio 2023 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- No caso de desemprego:

- Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara.
- Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

- No caso de ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano 2022 ata a data de presentación da solicitude.

- No caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2022 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

SEXTA: Solicitudes:

As solicitudes, formuladas no modelo normalizado, dirixiranse a Alcaldía, deberán presentarse, preferiblemente, a través da sede electrónica do Concello de Santa Comba ou presencialmente no rexistro municipal ou por calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será:

Dende o 16 de agosto ao 30 de agosto de 2023 (ampliable por decreto de alcaldía).

SÉTIMA: Documentación:

As solicitudes de axuda deberán presentarse **no formulario de solicitude** que figura como anexos nas presentes bases, que se pode descargar na páxina web municipal ou recoller nas oficinas dos Servizos Sociais:

- anexo I: Solicitude
- anexo II: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- anexo III: Autorización para solicitar datos aos centros educativos sobre a matrícula realizada no curso 2023/2024.



O formulario de solicitude deberá ir acompañado dos seguintes documentos que conforman a documentación propia do solicitante e/ou beneficiario/a da bolsa de estudo:

- DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos/as alumnos/as beneficiarios/as (cando por idade teñan obriga de telo).
- Libro de familia ou documentación que o substitúa.
- Volante de empadronamento colectivo da unidade familiar no Concello de Santa Comba.
- Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2023-2024, no caso de non autorizar expresamente a cesión de datos ao Concello por parte dos centros educativos.
- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar existente no 2022 segundo o disposto na base quinta da convocatoria.
- No caso de non efectuar declaración da renda no exercicio 2022, por non estar obrigado a elo, certificado de imputacións ou, baixo valoración de servizos sociais, xustificantes de ingresos, nóminas, ou declaración xurada sobre os ingresos da unidade familiar.

Se é o caso:

- Título de familia numerosa.
- Sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez onde conste o importe das pensión por gastos de manutención do menor ou outros.
- Certificado de minusvalía.
- Pensionistas: xustificante da pensión mensual e número de meses que a percibe.
- Perceptores do RISGA e RAI: Xustificante da contía mensual actual e fotocopia do documento de notificación da concesión.
- Situación ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano 2022 ata a data de presentación da solicitude.

Poderase requirir polo Concello de Santa Comba calquera outra documentación complementaria á indicada que se considere necesaria para maior clarificación da situación acreditada ou compulsada da presentada se a copia simple presentada xera dúbidas de autenticidade.

OITAVA: Revisión de solicitudes e subsanacións:

Rematado o prazo de solicitude, procederase á comprobación do cumprimento de requisitos e revisión da documentación.

Notificarase ao interesado a documentación a subsanar, se é o caso, e prazo para as subsanacións coa indicación de que, si esta non se producira, terase por desistido da súa solicitude, arquivándose previa resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOVENA: Valoración e resolución das solicitudes:

Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar.

A valoración realizarase, segundo o baremo seguinte:

- Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 8.000,00 euros, **25 puntos**.
- Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 8.000,01 euros e 9.000,00 euros, ambos incluídos, **15 puntos**.
- Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 9.000,01 euros e 10.000,00 euros, ambos incluídos, **10 puntos**.



- Por ter o título de familia numerosa, **5 puntos**.
- Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, **5 puntos**.

Seguidamente, por decreto de Alcaldía resolverase o outorgamento das axudas, correspondéndolle ao Alcalde o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación das mesmas.

DÉCIMA: Número de bolsas e contía económica:

As axudas comprenden **140** cheques por valor de **70 €** para gastar en material escolar nas librerías de Santa Comba.

Outorgaranse as persoas beneficiarias que obteñan maior puntuación segundo o baremo exposto.

No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior, ou de ser o caso de dobre empate por orden de rexistro.

UNDÉCIMA: Obrigas dos beneficiarios:

Os beneficiarios estarán obrigados a:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello de Santa Comba e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.
- b) Comunicar ao concello de Santa Comba a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
- c) E resto de obrigas da normativa vixente.

DUODÉCIMA: Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

DECIMOTERCEIRA:

Para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Santa Comba para o exercicio 2022, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

En Santa Comba na data da xinatura dixital

O Alcalde

Alberto Romar Landeira
(Documento que se asina electronicamente)